

José Luis Mascareñas Cid

Nado en Allariz (Ourense), José Luis Mascareñas Cid licenciouse en Química no ano 1984 e obtivo o doutoramento pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) en xullo de 1988. Foi investigador posdoutoral na Universidade de Stanford (USA, 1989-1990) e na Universidade de Harvard (USA, 1992 e 1995). Foi profesor visitante na Universidade de Cambridge (UK, 2009) e no Massachusetts Institute of Technology (USA, 2013). Accedeu ao seu posto de Catedrático a través dun concurso de habilitación nacional (Sevilla en 2003, consolidado en Santiago en 2004).

O seu traballo de investigación céntrase, por unha banda, no descubrimento de tecnoloxías innovadoras no eido da síntese e da catálise e, por outra parte, no desenvolvemento de ferramentas sintéticas e químicas para o seu uso en bioloxía celular e biomedicina.

No 2014, o European Research Council concédelle unha **ERC Advanced Grant**, cunha dotación de case 2,4 M€, para levar a cabo o proxecto **METBIOCAT**, cun obxectivo consistente no desenvolvemento de procesos catalizados por metais en ambientes biolóxicos e celulares. De feito, o grupo do profesor Mascareñas demostrou a viabilidade destes procesos e, por iso, está considerado como un dos pioneiros mundiais neste novo eido científico na fronteira entre a catálise e a bioloxía celular.

No 2020 obtivo unha axuda **ERC Proof of Concept**, cun financiamento de 150.000 €, para desenvolver o proxecto **antiCSC** (Targeting the cancer stem cell metabolism with designed, reactive metal complexes), enfocado no deseño e desenvolvemento de compostos químicos baseados en metais que actúan de xeito selectivo sobre o metabolismo das células nai do cancro. Este novo proxecto xorde como resultado dalgúns dos descubrimentos asociados ao proxecto ERC previo METBIOCAT.

No 2009, recibiu o Premio de Química Orgánica entregado pola Real Sociedad Española de Química (RSEQ) e, no 2014, a Medalla de Ouro da USC. No 2014, recibiu o Premio de Galego do Ano, outorgado polo Grupo Correo Gallego e no 2015, o recoñecemento Fèlix Serratosa Lectureship. No mesmo ano, acadou a Medalla de Ouro da RSEQ, máximo galardón nacional outorgado en Química. No 2018, recibiu o Premio da Crítica Galicia na modalidade de investigación e, no 2019, a Medalla da Real Academia Galega das Ciencias.

É membro de diversas sociedades académicas, a Real Academia de Ciencias de Galicia, a Real Academia de Farmacia de Galicia e a Academia Europea de Ciencias (EuRASC). É vicepresidente da RSEQ (dende 2021), e de varios consellos asesores e de dirección. Foi, ademais, fundador-presidente do Grupo Especializado de Química Biolóxica da RSEQ.

Supervisou ata marzo do 2025, 47 teses doutorais completadas e outras 14 que están en execución. Dez destes doutorandos conseguiron un contrato Ramón y Cajal, entre



os cales se atopan a doutora Elena Pazos -que obtivo unha ERC Starting Grant- e varios doutores finalistas: Mateo Sánchez (2020), Olalla Vázquez (2021) e Jessica Rodríguez (2023). Máis de vinte estudantes formados no grupo de Mascareñas desenvolven carreiras académicas e outros lideran proxectos profesionais en distintos eidos.

En 2025 o seu equipo obtivo un proxecto Transition do European Innovation Council (MeDICS) dotado con 2,5 M € e foi finalista de novo dunha ERC Advanced Grant. Tamén foi nomeado presidente científico do congreso de química orgánica máis relevante do mundo, o Burgenstock (Suíza, maio 2025), sendo o terceiro español nos 65 anos de historia deste congreso.

Para rematar, cómpre salientar que, ao longo da súa traxectoria, o profesor Mascareñas publicou máis de 250 artigos JCR e impartiu máis de cento setenta conferencias, a maioría no eido internacional.